



Concello de Touro

PROBA DO TERCEIRO EXERCICIO PARA A SELECCIÓN DUN FUNCIONARIO/A DE CARREIRA DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVO, POLO PROCEDIMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE CORRESPONDENTE Á OEP 2021.

Proba de coñecementos de informática de nivel usuario:

Apartado primeiro

MANEXO FOLLA DE CÁLCULO:

1º- Confeccione nunha folla de calculo (excell) un CADRO que teña a seguinte estrutura:

Nº de columnas: 4

Nº de filas: 6

Primeira fila: *Texto en negrita.*

Marcados: *todas as liñas*

Fuente y Tamaño: *Calibri 10*

Alineación del texto: *Esquerda*

Diseño de páxina: *Orientación horizontal*

2º- Sobre o cadro realizado INSERTE os seguintes datos, axustandoos á estrutura e formato anteriormente sinalados:

ACTUACIÓNS	PROXECTO	OBRA EXECUTADA	% EJEC
1 INSTRUMENTACIÓN, AMPLIACIÓN E MELLORA	16.844,64 €	17.346,42 €	
2 EQUIPOS CONTROL, AMPLIACIÓN E MELLORA	15.059,38 €	17.371,38 €	
3 XESTIÓN DE RESIDUOS	800,00 €	800,00 €	
4 SEGURIDADE E SAÚDE	800,00 €	800,00 €	
<i>Total</i>			

3º- Axuste o formato de cada celda en función do tipo de datos insertados (General/moneda/porcentaje).

4º - Na columna “% EJEC” calcule, para cada fila, a porcentaxe de obra executada en relación ao proxecto, empregando unha fórmula válida a tal efecto.

5º.- Na fila inferior totalice a suma das cifras existentes nas columnas “PROXECTO” e “OBRA EXECUTADA”, empregando unha fórmula válida a tal efecto. Finalmente calcule na celda inferior dereita a porcentaxe total



Concello de Touro

de obra executada respecto á de proxecto, empregando unha fórmula válida a tal efecto.

Apartado segundo

PROCESAMENTO DE TEXTO:

- Realice o procesamento informático (en formato WORD) do texto que se inserta a continuación, de xeito literal e de acordo coas seguintes ESPECIFICACIÓNS:

Fuente: Calibri

Tamaño fuente: 10

Margen: Justificado

Sangría especial: Ninguna.

Espaciado posterior: Automática.

Interlineado: Sencillo.

Idioma: Galego.

Unha vez finalizadas por completo as obras e postas en servizo púidose facer unha medición detallada de cada unha das partidas do Proxecto e valorar así o importe exacto da liquidación. A continuación analízanse os diversos capítulos do orzamento e detállanse as principais variacións nas medicións a fin de validalas e xustificalas técnica e economicamente.

- ***Capítulo 1.- Instrumentación, Ampliación e Mellora .- A partida correspondente ao cable de medida sofre un incremento pasando de 3 unidades a 5 debido a que os trazados das canalizacións existentes na EDAR resultaron ter unha maior lonxitude da prevista. O resto das partidas non se modifica.***
- ***Capítulo 2.- Equipos Control, Ampliación e Mellora .- Durante a execución da obra decidiuse que a conexión e os sinais dos dous caudalímetros fosen***



Concello de Touro

***independentes e, por outra banda, o número de sinais a xestionar no
autómata
resultou superior ao previsto, razóns polas que foi necesario instalar
dúas
unidades adicionais de tarxetas de entrada/saída cos seus
correspondentes
equipos. O resto das partidas non se modifica.
Apartado terceiro:***

CONFECIÓN DE DOCUMENTOS OFICIAIS:

- Confeccione en WORD os seguintes documentos oficiais:

1º.- INFORME TÉCNICO:

De acordo coas seguintes ESPECIFICACIÓNS:

1º.- Elaborado a partir do documento procesado no apartado anterior e asinado polo Enxeñeiro industrial municipal do Concello de Touro D. Armando Puentes Viejos.

2º.- Deberá pegarse en dito informe o cadro de excell realizado no apartado primeiro, con formato Imagen, a continuación do texto transcrito ao que se fai referencia no apartado segundo.

2º.- OFICIO DE ALCALDÍA.

De acordo coas seguintes ESPECIFICACIÓNS:

1ª.- Expedido polo Sr. Alcalde-presidente D. Roberto Castro Rocamonde dirixido a AUGAS DE GALICIA. Praza de Camilo Pérez Baliño, 7-9. 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA .

2ª.- O oficio realizado deberá conter o seguinte tenor literal: “Xunto remito informe técnico de exceso de medicións relativa ao proxecto de Ampliación e mellora da instrumentación da EDAR de Touro, aos efectos que correspondan.”

Ambos documentos deberán ter o seguinte formato:

Fuente: Arial



Concello de Touro

Tamaño fuente: 9

Margen: Justificado

Sangría especial: Ninguna.

Espaciado posterior: 6 puntos.

Interlineado: 1,5 líneas.

Idioma: Galego.